

fish

**Jörg Walter
Brad Hards**

Tradutor do proxecto Trasno: Marce Villarino



fish

fish

Índice

fish

Permítelle acceder aos ficheiros que haxa noutro computador mediante o protocolo *Secure SHell* (SSH). O computador remoto precisa ter o servizo de SSH en execución, pero o resto do protocolo emprega ferramentas estándar da liña de ordes como se explica a continuación.

Pode utilizar o kioslave fish así: **fish:// servidor** ou **fish:// nome_de_usuario@servidor**.

NOTA

Debe empregar dúas barras.

Pode omitir o *usuario* (e a @ que o segue) se ten o mesmo nome de usuario nos dous computadores.

Pode engadir un contrasinal co seguinte formato: **fish:// nome_de_usuario:contrasinal@servidor** pero non é preciso xa que se lle preguntará se non o indicou.

Se está a executar o servizo de SSH nun porto non estándar, pode especificar cal é empregando a sintaxe normal dos URL deste xeito: **fish:// servidor:porto**.

Fish debe traballar con calquera computador remoto baseado en UNIX[®] e que sexa máis ou menos compatíbel con POSIX.¹ Emprega as ordes de intérprete de ordes **cat**, **chgrp**, **chmod**, **chown**, **cp**, **dd**, **env**, **expr**, **grep**, **ls**, **mkdir**, **mv**, **rm**, **rmdir**, **sed** e **wc**. Fish inicia **/bin/sh** como intérprete de ordes e agarda que sexa un intérprete de ordes Bourne (ou compatíbel, como **bash**). Se as ordes **sed** e **file** están dispoñíbeis, así como o ficheiro `/etc/apache/magic` con sinaturas de tipos MIME, empregaranse para adiviñar os tipos MIME.

Se está dispoñíbel Perl na máquina remota, pode usarse no canto. Entón só precisa **env** e **/bin/sh**. Empregar Perl ten a vantaxe adicional de que é máis rápido.

Fish pode mesmo traballar con máquinas Windows[®], se teñen instaladas ferramentas como Cygwin. Todas as ferramentas indicadas en riba deben estar na `PATH` do sistema, e o intérprete de ordes inicial debe ser capaz de procesar a orde **echo FISH:/bin/sh** correctamente.